



## Concello de Vigo

**JOSÉ RODRÍGUEZ CALVO, SECRETARIO XERAL ACCTAL. DO CONCELLO DE VIGO,**

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión do día 25 de febreiro de 2002, adoptou o seguinte acordo:

23.- EXECUCIÓN DE SENTENCIA SOBRE O ESTUDIO DE DETALLE DO CUARTEIRÓN NÚM. 96 DO PEEC.

**ANTECEDENTES.-** Con data 8 de febreiro de 2002 o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe:

"I.- En data 31/08/1994 o Pleno do Concello acordou: "(...) aprobar definitivamente o estudio de detalle do cuarteirón núm. 96, redactado polo equipo multidisciplinar Concello-INEM", cun ámbito delimitado polas rúas Paraguay, México, Brasil e Vázquez Varela (BOP núm. 192, do 05/10/1994, expte. 2543/411).

Dito acordo impugnouse perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Sala do Cont.-Ad., Secc. 2ª) -TSXG- por D. Waldo Alonso Vázquez, D. José Alonso Vázquez, Dª Mª Carmen Alonso Tomé, Dª Mª Ángeles Celsa Alonso Tomé, D. Francisco Gallas Bello e D. Ricardo Fernández Barcia, no recurso contencioso-administrativo núm. 2/5580/1994.

II.- No 10/10/1996 o TSXG dictou sentenza no referido proceso, clarexada posteriormente mediante auto do 14/11/1996. En virtude da mesma estimouse o recurso interposto, anulándose en consecuencia o estudio de detalle impugnado: "(...) En cuanto prevé la creación de un aprovechamiento público de patio interior con accesos desde el nº 30 de la calle Brasil y entre los números 20 y 22 de la calle Vázquez Varela (...)".

Dita resolución xudicial fundamentouse, en síntese, en que dito aproveitamento público interior (API) conlevaría a: "(...) construcción de una rampa de acceso al patio interior para salvar el desnivel que de unos cuatro metros existe entre la calle Vázquez Varela y el referido patio, se inutiliza el sótano y planta baja del edificio del que son propietarios, revelando con ello, sin que sea objeto de contradicción, la construcción de una entrada o paso público, que a su juicio excede del ámbito propio de un Estudio de Detalle, juicio que la Sala comparte, teniendo en cuenta la naturaleza de tal instrumento de planeamiento, subordinado y esencialmente ordenador e interpretativo de las determinaciones del Plan, y, en consecuencia, sin alcance innovativo (art. 91 del Texto Refundido de la Ley del Suelo de 1992) ... No es obstáculo a la conclusión expuesta que en efecto aparezca como conveniente la implantación del aprovechamiento público interior, pues lo decisivo es que exista una oportunidad clara en función de las posibilidades existentes, como expresamente se establece en la norma 3.3.1.f del PGOU, y que no existe (...)".

III.- A citada sentenza recorriuse en casación polo Concello. En data 30/10/2001 o Tribunal Supremo (Sª 3ª, Secc. 5ª) dictou sentenza (relator, Sr. Sanz Bayón) desestimatoria dese recurso de casación, fundada unicamente na inaplicabilidade de normas de rango estatal e sen valorar polo tanto o fondo do asunto.

IV.- No 05/02/2002 o arquitecto municipal da oficina de Planeamento emitíu un informe sobre a devandita sentenza, no que afirmou o seguinte:

*"A sentenza afecta unicamente ó estudio de detalle no que se refire ó cuarteirón nº 96 (limitado polas rúas Vázquez Varela, Paraguay, México e Brasil), en canto á previsión concreta ó acceso previsto na rua Vázquez Varela, con relación á implantación dun aproveitamento público interior do cuarteirón. Analizado o contido da sentenza 686/96 do TSXG, que agora confirma o Supremo, no que no considerando segundo se indica que o decisivo para que 'apareza como conveniente a implantación dun aproveitamento público interior é que exista unha oportunidade clara en función das posibilidades existentes, como expresamente se establece na norma 3.3.1.f. do PXOU', pódese concluir en que por condicións do parcelario do cuarteirón, e unha vez excluída a posibilidade de presentar un acceso público ó interior do cuarteirón na r. Vázquez Varela 20,22, non existe unha oportunidade clara nin posibilidades reais de implantar unha zona de aproveitamento público interior. Ademais ditas remotas posibilidades de implantación requirirían da delimitación dalgún ámbito de xestión (unidade reparcelable ou polígono) co obxecto de levar a cabo a equidistribución e cesión de uso público.*

*Por todo o anterior, enténdese que a interpretación máis correcta a ter en conta para a execución da sentenza debería ser a supresión do aproveitamento público interior do cuarteirón, e, consecuentemente, dos dous accesos que o estudio de detalle proxectaba á dita zona, tanto desde a rua Vazquez Varela 20/22, e desde Brasil 30. O resto de determinacións do estudio de detalle (aliñacións interiores, fondos de edificación, alturas, e rasantes do patio de cuarteirón), das que as sentencias non fan cuestión, poderíanse considerar que non foron anuladas. Xúntase unha ficha de características do cuarteirón corrixida, sen a previsión do aproveitamento público interior e sen accesos, que substituiría á que foi dilixenciada coa aprobación definitiva do estudio de detalle."*

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A sentenza do TSXG de referencia é firme e de obrigado cumprimento, con independencia da cuestionabilidade da súa argumentación xurídica (á luz da máis recente doutrina xurisprudencial do TS e do propio TSXG sobre a capacidade dos estudos de detalle para crear accesos interiores secundarios).

Para executar dita sentenza debe considerarse, en primeiro lugar, que, tal e como dispoñe o art. 71.2 Lei 29/1998, do 13 de xullo (LXCA-98): *"Os órganos xurisdiccionais non poderán determina-la forma en que deben quedar redactados os preceptos dunha disposición xeral en substitución dos que anularen nin poderán determina-lo contido discrecional dos actos anulados"*.

En segundo lugar, é de aplicación o principio de congruencia procesal (art. 84 LXCA-56, art. 71 LXCA-98 e art. 11.3 LOPX) e o de 'favor acti'. O único motivo polo que se anulou o estudio de detalle -en consoancia co solicitado polos recorrentes- foi o relativo á creación dun aproveitamento público interior e de sendos accesos ó mesmo no mentado cuarteirón, sen cuestionarse os demais extremos e parámetros de ordenación contidos nese instrumento de planeamento (ordenanza 1.1.B, de edificación pechada do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993). Do mesmo xeito, o art. 66 Lei 30/1992, do 26 de novembro -LRXA/PAC- dispón a necesaria



## Concello de Vigo

conservación dos actos e trámites que mantivesen igual o seu contido de non se comete-la suposta infracción. Preceptos estes que conlevan á conclusión de que a referida sentenza só conleva, no peor dos casos, a anulación parcial do estudio de detalle litixioso, circunscribíndose ós concretos aspectos nos que, ó parecer do Tribunal, se extralimitou, pero podéndose conservar dito instrumento de planeamento no resto das súas determinacións, respecto das cales resulta autosuficiente.

Igualmente, o art. 72.2 Lei 29/1998, do 13 de xullo -LXCA/98- (aplicable ó caso, segundo preceptúan as Disp. Trans. "Cuarta" e "Segunda.3" da mesma Lei), directamente vencellado ó art. 70.2 Lei 7/1985 de 2 de abril (LBRL), dispoñe a este respecto que: "(...) As sentencias firmes que anulen unha disposición xeral terán efectos xerais dende o día en que sexa publicado o seu fallo e preceptos anulados no mesmo periódico oficial no que o tivera sido a disposición anulada (...)". Polo tanto, o acordo de execución desta sentenza deberá publicarse no BOP e no DOG, notificándose á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia.

É competente para adopta-lo acordo final de execución da sentenza, o Pleno do Concello, de conformidade co disposto no art. 22.1.c) LBRL e arts. 3.b) e 8.m) dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo."

Polo exposto o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 14 de febreiro de 2002, propón ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(No momento da votación está ausente a Sra. Cabaleiro González e o Sr. González Príncipe).

**VOTACIÓN E ACORDO.-** Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Executa-la sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia núm. 686/1996, do 10 de outubro de 1996, dictada no recurso contencioso-administrativo núm. 2/5580/1994, tendo por anulado parcialmente o "estudio de detalle do Cuarteirón 96" do PEEC, entre as rúas Paraguai, México, Brasil e Vázquez Varela, no que se refire á creación dun aproveitamento público interior e de dous accesos ó mesmo (expte. 2543/411).


Segundo.- Confirma-lo referido estudio de detalle en tódolos demais extremos do seu contido non cuestionados pola sentenza, coa conseguinte aprobación da "ficha de características" do cuarteirón resultante, que se une ó presente acordo e que substituirá á anulada pola mesma.

Terceiro.- Publíquese o presente acordo no BOP e no DOG. Notifíquese o seu contido íntegro ó TSXG, CPTOPV e demandantes, na forma legalmente prevista. Comuníquese ós departamentos de Información, Licencias e Barrios Históricos da Xerencia de Urbanismo, así como ó de Asesoría Xurídica do Concello.

E para que así conste e ós efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto e prace do Ilmo. Sr. Alcalde, coa salvedade do artigo 206

do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo, a vinteito de febreiro do ano dous mil dous.

Vº e Prace  
O ALCALDE,




	Calle 1	Calle 2	Calle 3	Calle 4
NOMBRE	Brasil	V.Varela	Paraguay	México
ANCHO	12	20	12	12
N° PLANTAS	V	VI*	V	V
FONDO	S/P	S/P	S/P	S/P

OBSERVACIONES:

Para cubrir la medianera existente se ajustaran a lo establecido al respecto en las ordenanzas del Plan.

\*NÚMERO DE PLANTAS TENDO EN  
 CONTA CORRECIÓN DE ERROS DO  
 26.07.2004



PROPUESTA DE MODIFICACION DESPUES DEL TRAMITE DE EXPOSICION AL PUBLICO 20 VII - 94 *[Signature]*

**CONCELLO**  
INEM

PLANEAMIENTO Y URBANISMO

ESTUDIO DE DETALLE

Estudio de alineaciones interiores, exteriores y patio interior de manzana	ESCALA	1:1000
	DATA	FOLIA
	AGOSTO-1993	NUMERO P1

PLANO DE PROPUESTA